

Baremo EduExchanges colexio Wychwood de Oxford

O alumnado interesado en participar neste proxecto será baremado segundo os apartados que se indican a continuación:

Apartado	Descrición	Puntuación
1- Carta de motivación	O alumnado describe de xeito consistente o seu interese por participar no proxecto tanto persoal como académicamente.	Ata 3 puntos
2- Carta de motivación	O alumnado demostra fortalezas e habilidades propias para participar no Erasmus obxecto da baremación.	Ata 2 puntos
3- Dominio da lingua vehicular	O alumnado acredita un dominio da lingua vehicular no último boletín de notas recibido antes da baremación.	Sobresaliente: 2 puntos Notable: 1,5 puntos Ben: 1 punto
4- Participacións en intercambios presenciais	O alumnado non participou en proxectos europeos neste curso ou no anterior.	1 punto
5- Participacións en intercambios non presenciais.	O alumnado que participou no intercambio de correspondencia (email) co colexio Wychwood durante o curso 23 24	1 punto
6- Participación en grupos de dinamización do centro (clubes de lectura, convivencia, ciencia, biblioteca, voluntariado, ...)	O profesorado responsable da dinamización acreditará a participación e a contribución a dito grupo.	0,5 por cada un no que participe
7- Medidas de inclusión e diversidade	O alumnado presenta algunha discapacidade recoñecida ou presenta ou presentou problemas de saúde (acreditada de maneira oficial)	0,5 puntos
8- Medidas de inclusión e diversidade (baixos recursos, familias monoparentais, violencia de xénero, familias numerosas, ...)	O alumnado acredita oficialmente algún obstáculo ou obstáculos entre os seguintes: culturais, sociais, económicos, vencellados á discriminación e/ou xeográficos.	0,5 puntos por cada un acreditado adecuadamente mediante informe de Orientación, Servizos Sociais,..
9- Condicións e dispoñibilidade	O alumnado dispón do lugar adecuado para acoller a un compañeiro/a e ten dispoñibilidade para acoller a dúas persoas.	0,5 por cada unha das condicións.

Causas de exclusión na baremación:

1. Non participar sen causa de forza maior xustificada (documentada oficialmente), na reunión inicial.
2. Non presentar a carta de motivación.
3. Ter condutas contrarias á convivencia no centro.
4. Ter tres ou máis materias suspensas no último boletín antes da baremación.

O alumnado que estea a participar noutras actividades deste tipo non será excluído do procedemento de baremación pero pasará directamente coa súa puntuación á listaxe de reserva.